



AVALIACIÓN INTERMEDIA EDLP GALP RÍA DE PONTEVEDRA

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia para a xestión de fondos europeos FEMP destinados á creación e mellora do emprego, inclusión social e benestar xeral da poboación de Sanxenxo, Marín, Bueu, Pontevedra, Meaño e Poio entre 2014 e 2020. O GALP -RP dispón de **5.714.908,27€** para cumprir os obxectivos do seu documento guía: a Estratexia de Desenvolvemento local para a Ría de Pontevedra. Destes **4.236.181€** están reservados para financiar proxectos de entidades locais. **3.177.135€** van destinados a crear emprego, favorecer a reciclaxe de persoas dos sectores pesqueiro, marisqueiro e acuícola na Ría, así como en favorecer a innovación e novos xeitos de comercialización de produtos derivados da súa actividade. Ao rematar 2018, **762.000€** estaban aínda sen gastar. **Axúdanos a pensar como facer que este rompecabezas encaixe?** Este póster resume o reto ao que se enfronta o GALP, as oportunidades e barreiras para poder contribuir á **competitividade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola da Ría de Pontevedra**. A lenda é a seguinte: os cadrados de primeiro nivel turquesa son oportunidades ou factores positivos para o cumprimento do reto central, mentres que os laranxas son barreiras. Os cadrados de segundo nivel laranxa escuro ou turquesa escuro son dimensións que explican o respectivos cadrados de primeiro nivel. En azul eléctrico figuran, tanto para barreiras como para oportunidades, accións para darlles resposta que se foron recollendo a través de consultas participativas que o GALP organizou entre maio e setembro do 2019.